

XEOGRAFÍAS

Deseño da Colección: Eme & Eme

Primeira Edición: Decembro 2001

© Francisco Castro

© Edicións Positivas s. l.

Apdo. 699. Santiago de Compostela (Galicia)

Tlf./Fax: 981553051

positivas@arrakis.es

ISBN. 84-87783-63-5

Dep.Legal C-2529/2001

narrativas quentes

XEOGRAFÍAS



Francisco Castro

POSITIVAS

Para Tere e Pablo, frutos de Eros.

TEORÍA DO PURITANISMO

A PENSIÓN DA SEÑORA ANTONIA

Coma sempre, como cada día sen excepción, como foi desde hai anos e como probablemente será no futuro, ás dúas en punto do mediodía, no instante xusto no que o reloxo de parede daba as catorce, a señora Antonia saíu ó corredor e, vendo cara enriba, polo oco das escaleiras berrou:

—¡O xantar está na mesa!

Sempre era así. A señora Antonia xa nin se lembraba de canto tempo había que tiña a pensión e, xa que logo, non recordaba canto tempo había que, ás dúas en punto do mediodía chamaba a todos os hóspedes a xantar.

Volveu cara a mesa. Estaba todo. O mantel branco, os panos limpísimos, os cubertos no seu sitio, brillantes e dereitos. O xornal para don Xulián Cabaleiro, Catedrático de Xeografía da Universidade de Santiago de Compostela, tamén no seu sitio. O Reino de Galicia, 18 de Abril de 1898. Don Xulián prefería xantar en silencio, alleo ás conversas, nos derradeiros tempos algo subidas de ton e de tensión, do resto dos hóspedes da pensión. Don Xulián levaba tres anos vivindo alí. Vello. Solteiro. Sen compromiso. Xa non o había ter, desde logo. ¿Unha historia co vello? Imposible. A señora Antonia, virxe, casta, decentísima, non lle daría nunca pé a don Xulián para pensar nada de nada. Probablemente nin a el lle interesara en absoluto unha relación con ela. Nin, probablemente, con muller ningunha.

Todo no seu sitio. Todo en orde. Axiña irán baixando todos.

A señora Antonia vai botando o caldo nos seis pratos. Ela come sempre cos demais. Ás veces, a pensión da señora

Antonia non semella unha pensión. Imítase en ocasións a unha casa onde viven cinco persoas case dunha maneira familiar. Alí sempre se levaron ben todos. E os que paran alí, polo xeral, paran moito tempo. Os catro hóspedes que residen neste momento na pensión, don Xulián Cabaleiro, Catedrático de Xeografía da Universidade de Santiago de Compostela, e os outros, levan, o que menos, dous anos.

Axiña baixarán todos, que o caldo arrefría.

A señora Antonia, coma sempre, agardará sentada.

Os pratos de caldo botan fume branco, decorando cunha cortina quente os grelos.

ANDRÉS COUTO

Andrés Couto escoitou a voz de hiena da Antonia chamando para comer. Coma sempre, a vella bruxa, coma sempre á hora de sempre, ás dúas en punto do mediodía, impenitentemente coma sempre, berraba coma unha tola para baixar a xantar. Andrés Couto non tiña hoxe gañas de baixar a xantar. Mais ía baixar fundamentalmente por dous motivos: en primeiro lugar porque para iso pagaba a pensión á señora Antonia, vella avara que había morrer millonaria e soa, virxe de fea, de ruín, que faría con tantos cartos como lles chuchaba mes tras mes aos que paraban naquela inmunda pensión de mala morte; e, en segundo lugar, porque tiña ben claro que de hoxe non pasaba. Hoxe había deixar as cousas ben claras. De hoxe non pasaba así houbese tiros. Hoxe íano escoitar todos. Ata don Xulián Cabaleiro, Catedrático de Xeografía da Universidade de Santiago de Compostela, había deixar o estúpido xornal reaccionario ese que le da liorta que Andrés Couto, como que se chamaba Andrés, ía montar no comedor. Xa estaba ben. Non tiña pensado aturar máis esa situación.

Isa, ou Isabel como dicía ela, con aquela voz aquelada de aqueloutra, como temendo facerlle dano a alguén ó falar, íase dar por enteirada tamén. Chámeme Isabel, don Andrés, chámeme Isabel, que Isa sonlle moitas confianzas e unha rapaza solteira non debe darllas a calquera. Claro, claro que non, pensaba Andrés Couto mentres remataba de fixar o pano no colo, abrochando a chaqueta antes de baixar a xantar, claro que non que non lle deu confianzas, que non hai que darllas a calquera. Pero si a Santiago. A el si que lle deu confianzas a moi... a moi... a moi...

Andrés Couto non ten forzas nin para pensar na palabra que reprime sen chegar a dicila. Non. Isa non era iso. Claro que non. Está sendo inxusto con ela. Pero xa abondaba de xogar co seu corazón coma ela facía. Xa estaba ben. El é un estudante coma tantos. En Compostela hainos a dúcias. E abandonou a aldea para facerse farmacéutico e poder vivir coma Deus manda e escapar da fame. E namorou de Isa, claro que si, como non ía namorar dunha rapaza así.

¿Como lle pode dicir, coma onte lle dixo, despois de ce-
ar, no comedor, cando Santiago non vía, mire, don Andrés,
se vostede interpretou o que non é, eu non lle teño a culpa?
Ela non ten a culpa. Daquela, ¿quen a ten?, ¿tena el, por
parvo, por namorar así, dela, desa maneira tan inocente?
Porque entre Andrés Couto e Isabel non houbo nada. Mira-
das. Unhas rozadelas como sen querer. Ou querendo, can-
do lle puña a cadeira para que sentase antes de comezar a
xantar. Andrés tentaba achegarse todo o que podía a Isa, é
dicir, a Isabel, rapaciña de faciana branca con eterna cara
de tísica a piques sempre de morrer. E se non son esas con-
fianzas... pensa Andrés Couto mentres aínda non ten claro
se o pano está dereito ou non sobre o colo. Porque el usa
pano, non como Santiago, ese mameluco que eu coidaba o
meu compañeiro da alma. Moito saír de troula, moito imos
ser sempre amigos, moito as mulleres son todas parvas e
non imos botar man delas máis que para casar cando che-
gue o tempo... Pero eu ben vin que Santiago lle botaba
olladas a Isa, así, como non querendo, entre cullerada e cu-
llerada dese caldo noxento e delgado que esa porca same-
suga da señora Antonia nos dá de comer a diario.

De hoxe, xurábase Andrés Couto mentres ía cara a por-
ta da habitación, de hoxe non pasa. Diante de todos voulle
dicir catro cousas a ese porco de Santiago. E se quere, ma-
ñá, florete ou pistola, tanto me ten, que se hei voltar a Vila-
rello nun armario de catro táboas, que así sexa.

SANTIAGO SÁNCHEZ

Santiago Sánchez durmía, ou tentaba durmir, tirado na cama, pesado, mesto, alleo a todos, cando desde moi lonxe pareceulle sentir a voz doce da señora Antonia, a dona da pensión, a muller que a fin de contas coidaba del e dos demais.

Sen abrir os ollos, pensou que hoxe non lle apetecía baixar a xantar. Aínda que, en realidade, ben sabía que ese non era o problema, senón que o asunto tiña máis que ver co comportamento estraño do seu amigo Andrés durante estas dúas semanas atrás. Non sabía que lle pasaba. Eran amigos, moi amigos, sempre foron amigos desde o primeiro día no que os dous chegaron a Compostela e coincidiran na pensión. Tiñan saído moito de troula por aí como estudantes novos que viñan de descubrir o mundo. Riran moito, tamén, xuntos. Daquela, non era capaz de entender que lle pasaba, por que estaba así con el, por que case que nunca xa, nos derradeiros tempos, falaban de case que nada. Incluso chegaran, onte mesmo, a discutir na cea, cando el se ergueu para retirarlle a cadeira a Isa e el se enfurruñou todo, que puido notalo con toda claridade nos seus ollos cheos de carraxe, que lle parecía mal que o fixese, cando lle dixo, quita de aí, parvo, que xa o fago eu. Quizais o seu amigo interpretara que tiña interese en Isa. Non, desde logo que non, e se era así, daquela, era que non entendía nada. A Santiago non lle interesaban, polo de hoxe, as mozas. Xurárallo ó seu pai, ó capitán de infantaría da Sétima Brigada do Noroeste, don Manuel Rei Franco, que non ía deixarse lidar por moza ningunha mentres estivese coa carreira. Despois, cando rematase Dereito, voltaría a Vilagarcía e xa se vería de casar... Non,

Isa é un ser anxelical cun gran corazón, pero el non sentía nada por ela. Nin por ningunha outra. E respecto a Andrés... non, Santiago coida que non. Quedaran, cando menos, en que non ían interesarse por mulleres.

Santiago dá a volta sobre a cama. Sínteo pola señora Antonia, que o teña que ver así como está, tan melancólico, tan tristeiro, sínteo por ela, tan boa, tan doce, tan agari-mosa con el. De feito, é así con todo o mundo. Se cadra con Andrés non o era tanto, mais Santiago tiña claro que era culpa do rapaz, sempre algo seco con ela. De feito, nos derradeiros tempos, estaba árido e lóbrego con todos.

Volveu dar outra volta. Podía baixar e dicir que non se atopaba ben, que o escusasen pero que quedaba na cama. Non, Santiago sabía que mellor era baixar, que do contrario a señora Antonia ía teimar en subirlle o caldo á habitación para coidar del. Pero non, dábble terrexío só pensalo. Aínda lembra aquela vez, cando si que estaba mal de verdade, con febres e espasmos, e a señora Antonia insistiu en facerlle unhas fregas con auga de eucalipto no peito. E el non quería, pero non quixo parecer descortés. E pareceulle notar naquela señora algunha clase de debilidade estraña, mentres lle fregaba o peito sen pelos que ten Santiago, enriba, abaixo, enriba, abaixo... E houbo un intre no que a señora Antonia deixou o pano dentro da xerra coa auga e o eucalipto, e todo recendía a menta, e con aquela man calosa, de fregar louza e de coidar hóspedes, acariñouno no peito, enriba, abaixo, enriba, abaixo, premendo sobre el. Santiago, sobresaltado, avermellado, ollaba os ollos absortos da señora Antonia, os ollos entreabertos da señora Antonia, os ollos case sen pechar, pero case pechados, da señora Antonia, que o fregaba de vagariño, coa boca entreaberta a penas e un medio sorriso case imperceptible; semellaba mesmo respirar

con dificultade, chea de ansias quizais reprimidas durante moito tempo... Ó saberse descuberta, a señora Antonia parou de acaricialo. E colleu de novo o trapo, e fregoulle aínda un pouco antes de tapalo ben e deixalo alí, na cama, confundido e cheo de pudor. Non, mellor que ela non subise, que igual que tivo unha vez unha debilidade da carne podía volver a tela. Ou quizais, pensa Santiago, aquilo non foi nada e todo é cuestión do seu turbio e revirado maxín.

Porque Santiago sabe que é revirado. Santiago sábese difícil. Santiago sábese malo...

Non. Debía baixar e enfrontarse ó seu amigo. Quérello dicir. Que non atura máis esa tensión entre eles.

Quizais, pensa Santiago mentres senta na cama e procura os zapatos cos pés (porque finalmente baixará a xantar), Andrés intúe o seu. A Santiago elle difícil pensar nese asunto sen alporizarse, sen poñerse malo, sen sentirse sucio e contaminado. En fin... Non é un tema doado. Andrés é o seu mellor amigo. E as cousas non están ben entre os dous des que pasou... des que pasou... a Santiago cústalle o pensamento... des que pasou o que pasou. Santiago pensa que quizais Andrés sabe todo e que por iso anda así de violento con el. Que sabe... que sabe... en fin... que sabe o das visitas de don Xulián Cabaleiro, catedrático de Xeografía da Universidade de Santiago de Compostela. E el ten claro, si, porque o ten claro, claro clarísimo, que ten que llo dicir a don Santiago, que pare, que o deixe xa en paz, que non o acose desa maneira, que non está ben don Xulián, non está ben o que estamos facendo, non está ben esta relación carnal contra natura.

Santiago déixase caer outravolta sobre a cama cos ollos encheitos de bagullas tristesiras. ¿Que había pensar o seu amigo se soubese que don Xulián, catedrático de Xeogra-

fía da Universidade de Santiago de Compostela entra algunhas noites e se mete na súa cama? Santiago, a vez primeira que pasou, non foi quen de evitalo.. ou quizais si e en realidade non quixo evitalo... Foi, en calquera caso, unha sorpresa, sobre todo para el. Pero don Xulián, catedrático de Xeografía da Universidade de Santiago de Compostela, entrou sen chamar. E viña serio, e Santiago díxolle, pero que pasa, don Xulián, incorporándose da cama, a que debo esta visita, meu amigo. Era domingo, e aínda durmían todos. Despois íría a misa, con Andrés. E don Xulián sacou o cinto, e deitouno de novo na cama. E el deixouse facer. E don Xulián baixoulle o pixama e...

Santiago chora. E non contou nada.

Aínda reverberaban na súa memoria as palabras da vez primeira, sei que che gusta, es un mariconazo dos grandes, ben se ve como miras para Andrés, pero ese está namorado da quentaconas esa da Isabel, vouche dar eu o que ti precisas, maricón, guapiño de cara, que es un guapiño de cara, non che dá vergonza, ademais, sendo fillo dun capitán...

Santiago choraba. Sobre todo, porque sabía que non ía poder poñerlle freo a aquel pracer que o consumía. Si. Estaba namorado de Andrés, pero el nunca chegaría a sabelo. Non podía ser. E choraba, ó se decatara de que cando pechaba os ollos, cando don Xulián entraba por detrás, agarrando aquela verga gorda e autoritaria, coa man, para penetralo de todo, aínda que nunca pasaba da metade, por sorte, aquel bálano cheo de veas sanguentas, que era en Andrés en quen pensaba. Si. Quizais Andrés maxinaba que todo aquilo pasaba. Non sabía... ou si sabía... non podía pensar.

Baixaría, por suposto, e poría todo en claro. A min non me interesa Isa. A min interésasme ti, se queres, meu amigo.

ISABEL CASTELO

Isa levaba máis de media hora diante do espello de medio corpo que a señora Antonia lle puxera na habitación. Era un privilexio por ser muller, posto que os demais só tiñan un pequeno espello onde ver a cara.

Escoitou a voz da señora Antonia que, como cada día, chamaba para xantar. Seguro que Andrés xa estaría abaixo, e don Xulián. E probablemente Santiago. Santiago. O seu adorado Santiago... Mirábao mal nos últimos tempos. Algo tristeiro. Quizais melancólico.

Isa non sabía se levaba media hora diante do espello arranxándose porque quería estar guapa para el ou, pola contra, porque, no fondo, non quería baixar a xantar. As cousas non estaban nada ben nos últimos días. Non embarcante sabía que debía baixar, comportarse con naturalidade, como se nada pasase. Isabel Castelo, que así se chamaba, pasaba o seu segundo ano en Compostela, nunha cidade húmida como o médico lle mandara para ver se melloraba das súas moitas doenzas. Pasaba os días alí metida. Ou saía á Catedral a escoitar misa. Ou paseaba coa señora Antonia, moi de cando en vez. En realidade, a dona da pensión era a responsable de coidar dela, é dicir, de andar de carabina non se lle fosen achegar os estudantes composteláns. Esa era a orde que recibira da súa nai, a señora Bernarda, da vila de Cervantes. Cóideme da filla, que quero que me volva enteira, vostede xa me entende, dixéralle aquela vez primeira, cando chegaron. Dona Bernarda tiña boas referencias da moralidade daquela casa. A señora Antonia foi quen de suliñar, para darlle máis fe á súa pensión, que alí residía dun

xeito permanente don Xulián Cabaleiro, catedrático de Xeografía da Universidade de Santiago de Compostela, un home serio, un home de lei, un home de moral e de principios. Un home íntegro. Daquela, a nai de Isa quedou tranquila.

Isa non quere baixar. Probablemente non baixará. Ou se o fai será para poñerlle as cousas claras a Santiago, que semella parvo ese rapaz. Porque máis aberta con el xa non pode ser. Está farta de insinuarse, está literalmente esgotada de estar sempre pedíndolle que lle faga algo de caso. É tan guapo... Síntese incluso mal sendo tan descarada. Xa tiña notado máis dunha vez a ollada dura e seca da señora Antonia, como se se decatase do que ela, no fondo, pretendía.

A súa nai, a señora Bernarda, fora clara: miña filla, conserva o virgo, pero se tes que darlo a alguén, se non che queda máis remedio, dállo a un home de proveito. Ese era Santiago, sen dúbida. ¿Estaba namorada de Santiago? Probablemente non, pero a roza fai o cariño e xa chegaría o amor. Era guapo, esvelto e con clase, e ademais estudiaba Dereito. Casar cun avogado sería do agrado da súa nai. E ademais, Santiago, notábaselle ben ás claras, era un bo rapaz.

Isa remata de prepararse. Pensa que xa non pode aturar moito máis tempo esa situación, que Santiago ou lle fai caso axiña ou vai ter que enfrontarse ó imbécil de Andrés. Non se lle notaba nadiña que andaba detrás dela, pero ese, por suposto, con outras intencións ben diferentes ás que debe agardar unha rapaza decente.

A decencia...

Isa golpeou con puños nas coxas. Doeulle. ¿Que facía ela pensando na decencia? Ela non era decente. Dúas bágoas gordas coma ameixas caéronlle por aquela faciana excesivamente branca. A decencia... Diso non andaba sobrada. Por iso, sabía que só por iso, tiña que enlear a San-

tiago e casar con el. Sentíase mala e sucia por pensar así, mais precisaba dun home inxenuo como Santiago para casar e poñerlle así freo á situación.

E a situación era don Xulián Cabaleiro, catedrático de Xeografía na Universidade de Santiago de Compostela, home serio, lector de xornais e libros, home estraño que non se relaciona con ninguén... Don Xulián, un sátiro. Que entrou aquel domingo, cando todos aínda durmían, antes da misa, na habitación. E non foi cortés. Non foi educado. Non foi como se espera que sexa un home. Bicouna sen lle preguntar. Ela levaba a bata posta, e don Xulián arrincoulla con violencia. E ficou só co camisón aquel rosa regalo da súa nai. Aínda lle doían as palabras do vello cabrón aquela primeira vez, ti o que precisas é a pirola gorda que che teño aquí. E o que máis lle doía a Isa é que non puxo resistencia. E doeulle. E gustoulle. E don Xulián volveu moitas máis veces a tomala por detrás. Non serei eu quen che leve o virgo, porcona. Á filla de dona Bernarda non a desvirgarei eu. E facíallo por detrás, rompéndoa, de cada vez máis violento. E ela descubriu que non era capaz de detelo, que a pesares do moito que choraba despois, no fondo, desexaba aquelas visitas; decatouse de que non era capaz de dicirlle que non cada domingo. E así desde hai case seis meses unha morea de domingos. Don Xulián peta na porta, ás oito da mañá, e entra, impecablemente elegante, como sempre viste, e fode nela con desprezo.

O que ten é que casar. Santiago é un bo home. Terá que darse por aludido ou estará perdida.

Don Xulián Cabaleiro saudou á señora Antonia mentres sentaba. O xornal, dobrado á metade, preto do prato, coma sempre. Educadísimo, a señora Antonia, mentres sentaba,

agradeceu cun sorriso que el lle empurrase a cadeira baixo do seu corpo xa moi entrado en anos. Un cabaleiro, pensou a señora Antonia, mágoa non o coñecese hai vinte anos...

Isa Castelo baixou as escaleiras de vagariño, coa parsimonia de sempre, allea a toda présa. Sentou. Don Xulián non ergueu os ollos do xornal. Sempre o facía así.

Don Xulián reprendeu cunha ollada dura a tardanza da rapaza. De seguida chegaron Andrés e Santiago.

Andrés ollou para o seu amigo e non dixo nada, por iso concluíu que Santiago tiña algún problema con el. Santiago ollou para Andrés e non dixo nada, por iso Andrés non soubo que pensar. Isa ollou para Santiago e non dixo nada, mais Andrés concluíu que iso demostraba con claridade o interese da rapaza polo seu amigo. Andrés ollou para ela e non dixo nada, e iso serviulle á moza para saber que aquel pícaro non era de fiar. A señora Antonia ollounos a todos e sentiuse feliz por ter uns hóspedes tan fieis e que lle daban tan poucos desacougos.

Don Xulián Cabaleiro, catedrático de Xeografía da Universidade de Compostela, nin viu para eles nin pensou nelles. Rematou o seu prato de caldo o primeiro e sentiu un certo desprezo por todos. Eran tan lentos chegando e sentando, tan impuntuais e revirados, que agora tería que agardar máis do que lle apetecía polo segundo prato...

Como cada día, coma sempre e como sería para sempre no futuro, os hóspedes da pensión da señora Antonia xantaron falando intranscendencias, sendo cortesés e educados, e amosando a amabilidade e o engado ó que todos estaban acostumados.

FETICHISMOS SIMBÓLICOS

AS PALABRAS SABEN

A primeira vez que dixeches mámoa volvíñ recordar que as verbas tiñan sabor. Sospeitábo desde pequeno, que as palabras sabían a algo. Pasábame cando escoitaba a algúns locutores de radio, falando con aqueles vocabularios tan amplos e inconcibibles; pasábame escoitando falar ó meu pai. Sempre falou como quen le, silabeando, cun de vagar engaiolante que me gorentou desde a primeira nenez. Supoño que iso é o que explica que sempre lles teña falado tanto ás mulleres. Nalgún curruncha agochado do meu inconsciente debo gardar a idea de que o único xeito que coñezo para que as mulleres me fagan caso é falándolles moito, dun xeito impetuoso, como facéndolles xa o amor coas palabras –perdín a conta das mulleres que posuín só coas palabras, dicíndolles o fermosas que estaban, o moito que gustaría estando con elas; as mulleres sorrín sempre, como se só fose unha falcatruada verbal dun home máis ou menos galante; mais trabúcanse: estou dentro delas cando me escoitan—. No máis profundo coido que só vou ter o seu amor metralándolles verbas arrebatadas, mentíndolles cos silencios, aparvándoas coas suxestións, e meténdolles vocablos na cabeza para engaiolalas e así cedan indefensas e entregadas, coma bubelas ó trampeiro, coma pardelas no cortexo. No fondo, o vello conto do Cyrano de Bergerac...

Pero estou divagando...

Dicíache que a vez primeira que che escoitei dicir mámoa lembrei que as verbas tiñan sabor. Velaí estábamos os dous, estudantes de primeiro de Xeografía, en Santiago.

Dábanos clase aquel fulano, non sei se lembrás aquel cate-drático, ¿como se chamaba? Si, xa me lembro, don Xulián Cabaleiro, un tipo estraño aquel profesor. Tocounos xa ve-llo. Non gustaba do seu xeito revirado de mirarte. Nós, po-la nosa conta e fóra de programa, estudiando a prehistoria de Galicia. E ti dixéchesme que preto da túa aldea había unha mámoa. Dixéchesmo así: mámoa, alongando a pri-meira sílaba, que me soubo a sucre e a auga da primeira da mañá. Mámoa.

Non podía pronunciarse mellor.

Que son as mámoas, preguntei. As mámoas son pedras. Velaí o primeiro dos interrogantes de imposible solución: ¿como unha verba tan doce vai poder expresar unha reali-dade tan tristeira coma a pedra? Unha mámoa non pode ser unha pedra. Si, contestaches, unha mámoa é unha pedra. E matizaches, sabia, definitiva: unha mámoa, en realidade, é unha pedra funeraria.

Iso foi xa moito. Unha pedra funeraria. Un monumento á morte. A verba mámoa, mámoa, mámoa, cando ti a pron-unciabas, subía e baixaba nos teus beizos, nos teus ollos, nas túas pálpebras asombradas diante da miña incredulida-de. Unha mámoa non podía referirse á morte. A mámoa, así pronunciada, mámoa, na túa boca, era vida, era paixón a piques de rebordar no meu peito, no meu corazón asula-gado de loucura por ti.

Contigo volvíñ retomar o enigma clásico da semántica.

Unha mámoa, proseguiches, é unha representación fu-neraria, con pedras, da era megalítica. Na miña aldea hai unha mámoa.

As mámoas. As mamas. As túas mámoas subían e bai-xaban no teu peito voluminoso de cada vez que a pronun-ciabas. Daquela, decatácheste do que me pasaba, de que

estaba namorado de ti. As miñas pupilas, vencidas e pechadas, fúnebres, nas túas mámoas. O meu corpo enteiro, e a miña mente, magoado de paixón, pendente dos teus seos apertados dentro da blusa.

Quería morrer dentro túa.

Sorriches. Sabías todo. Sabiamos todo.

A túa tía, a señora Antonia, a dona da pensión máis tristeira de todo Santiago, non estaba. Tampouco os inquietos. Era verán. E nós queriamos descubrir a prehistoria de Galicia. E, xa que estabamos, a nosa propia historia.

Había calor. Esa calor abafante e tan chea de luz da Compostela máis preñada do Sol de Xullo.

Deitaches na cama. Puxeches fóra da blusa as túas mámoas, liberando a beleza, dándolle licencia aos amantes que queriamos ser. Grandes coma pedras. Coma monumentos. Coma homenaxes. Dous pezóns druídicos, finchados no medio da gándara branquísima do teu corpo.

Entendín toda a semántica, cando lembrei que na miña aldea, ás mámoas, chámalle pedras fitas.

No medio e medio das miñas pernas, medraba o amor. Tocaches aí.

—¿Ves? Isto é unha pedra fita —dixeches.

Duro, coma unha pedra, fitei nas túas mámoas o meu primeiro bico de amor. Degustaches a palabra. E a pedra fita tiña sabor tamén na túa boca.

CORES

Olleina de fronte. Alí estabamos por vez primeira. Tanto tempo desexándoo. Tanto tempo pedíndoo cos ollos sen nos atrevermos a dicírnolo cando era tan evidente. Porque hai olladas que falan por nós. E sen verbas. Quen quere as verbas cando dous amantes se ollan así. Sen palabras podemos chegar tan lonxe como con elas, así que para que as queremos. Para que as palabras se é case que seguro que imos escoller as trabucadas e daquela estragaremos sen remedio todo.

Olleina. Pousei as miñas pupilas nos seus ollos. E púxose vermella como só ela podía poñerse vermella. Haberá, eu non o sei, pero é de supoñer que haberá, centos de milleiros diferentes de enroibar, pero estou certo de que ningún podía poñerse vermella coma ela. Begoña púxose vermella como só podería poñerse vermella Begoña. A faciana fervíalle. Estaba avergoñada.

Non. Debo escoller mellor as palabras. Non estaba avergoñada. Estaba nerviosa. Púxose nerviosa como só ela podía poñerse nerviosa. Despois de todo, eu tamén estaba morto de medo. Por fin alí, os dous, despois de desexar durante tanto tempo. Estaba roxa, e non era para menos. Sabía o que ía pasar. Os dous estabamos certos do que ía acontecer. ¿Valíanos aquel lugar? Por min si, pensei. “Por min...” dixo ela, case nun murmurio, coa faciana vermella polos nervios.

Pero non. Non estaba nerviosa. Púxose vermella porque estaba namorada. E é ben certo que cando pasa o tempo collemos costume, e aprendemos a ser espontáneos na pre-

sencia do outro. Pero cando a miña boca principiou a bicarille na caluga, pechou os ollos como só ela podía pechalos, e púxose corada, de amor e de falla de costume. Cando namoramos, o noso corpo fala por nós. E Begoña estaba namorada de min. Coma eu dela. Non sei se eu estaba roxo tamén. En calquera caso, se o estaba, non mo dixó.

Eu si.

—Estás roxa.

Sorriu. Ergueu un pouco os ollos. Tirou a chaqueta branca que levaba posto aquel serán.

—Cala, parvo.

E eu, coma un parvo, calei.

Estaba vermella. De vergonza, de nervios, de amor. Probablemente de desexo. Deitei na cama. Quitei todo. Deixei só os calcetíns. ¿Por que deixei só os calcetíns? Non o sei. Como non sabería dicir o motivo concreto polo que estaba roxa. No medio daquel brillo que desprendía a súa cara, o seu cabelo louro, algo feble, pegado á cara, destacaba máis aínda. Decateime entón de que levaba a raia ó medio, e que gañaría moito a súa beleza de nenúfar con algo máis de volume no pelo. Espiuse. Ficou só cuns calcetíns –coma min– grosos, deses deportivos e brancos, que levaba cos tenis, tamén brancos. Dous tolos en calcetíns. Montou riba do meu pene, que estaba xa listo para facer preguntas. Subiu riba del sen facer consultas. Ollábame aos ollos. Olleina cheíño de amor. E púxose aínda máis corada, como só ela sabería poñerse corada.

Agora estabamos xa perdidos. Fóronsenos as vergonzas e as cabezas. Ergueuse e sentou sobre a miña cara. Por dentro, era roxa tamén. Non teño visto moitas mulleres así, por dentro, pero Begoña tiña un roxo especial. Estou certo de que non hai dúas mulleres, como que non hai dous homes,

que sexan da mesma cor. Saquei a lingua. Sabía o que ela quería. Nunca o fixera antes.

—Eu tampouco. Pero cala, non sexas parvo.

Begoña mandoume calar como só ela podía mandarme calar, sen semellar violenta, con brandura de muller avergoñada, nerviosa, namorada, amante, con toda a dozura xunta. Pechei os ollos e lambín. Sabíame a pavía. Non sei por que, aquel serán non sabía moitas cousas, no meu máxín apareceu un oso. ¿Será así sempre?, ¿cada muller que amamos nos dá unha imaxe diferente durante o amor? Seguín lambendo dentro daquela cor roxa. Sabía tamén a mel amarga.

O meu pene, orfo, non soubo chorar atencións. Pero Begoña, corada e todo, foi ó seu, ó que lle interesaba, e completou un pracer desbordante.

Sentou á miña beira. Fixeime máis aínda nela e comprobei o que xa agardaba. Estaba chea de cores. A súa faciana era roxa, xa o dixen. Moito máis que antes. Sufocada, respiraba con estrépito despois dun orgasmo que maxinei grande. Agora o seu pelo ficaba máis desordenado ca nunca. A miña lingua notábaa áspera e chea de preguntas. Os ombreiros, finos e moi delgados, mantíñanse alleos a aquela festa de cores, pero o antebrazo non: alí o roxo estoupaba en toda a súa inmensidade e sen disimulos. Os peitos, polos lados, estaban roxos tamén. Os pezóns eran negros, e os rosetóns moi grandes. Nunca os vira tan grandes e tan negros. Finalmente, as coxas, ata os xeonllos, conservaban as pegadas, roxas coma feridas —pasarían axiña— dos meus dedos cando a agarraron durante aquel bico longuíssimo no medio das pernas.

Tiña que meterme dentro dela. E non estaba disposto a pedirlle permiso. Volveu sorrir cando os meus movementos

Ile deixaron claro o que tiña pensado facer xa. Sorriu, corada. Agora si que sabía de que: picardía.

Abriu as pernas. Entrei. Pousei a miña cabeza trala súa, perdéndome na almofada e no meu propio ritmo. Notei o abrazo perfecto que coa súa feminidade roxa, coma o corazón dunha vieira, me daba. Pareceume incluso, e aí case morrín, que un pouco de min quedaba fóra, descansando para meirandes ímpetos cando fose preciso.

O meu momento xa chegaba. Saín fora. Ela colleu coas dúas mans o meu pene, ennegrecido polo esforzo. Tentou levalo á boca, pero non lle dei tempo. Exaculei sobre ela, inmenso de felicidade, agarrándome tamén eu coma miña propia man, canda as dela. Tres mans agarrándome mentres me marchaba polo seme abaixo. Abriu a boca e algo de min aínda puido diluírse na súa lingua roxa. E saboreei o pracer máis intenso que nunca antes sentira, ó descubrir o roxo dos seus beizos roxos, que tentaban chuchar de min cando xa non quedaba nada dentro.

O día seguinte, na clase de Xeografía que dou na Universidade, demorei de vagariño unha explicación detallada da paisaxe roxa que se pode ver por detrás das Cíes, na Ría de Vigo, cando se pon o sol, como un exemplo marabilloso do fermoso que pode chegar a ser o estudio da xeografía terrestre. Mentres falaba, como non, tiña na boca a lembranza e o ronsel do corpo roxo de Begoña.

O PRACER DE DERRUBAR ÍDOLOS

LENDO A CIORAN

Anxo pechou o libro de Cioran. Era o que lle faltaba. Triste como está, e ter que aturar a Cioran, todo o día animando ó suicidio, insistindo en que hai que morrer novo, que non paga a pena vivir, senón morrer. Pena que non quedase feto.

Quen lle vai facer caso a un tipo que pasou toda a vida reflexionando sobre o suicidio, escribindo aforismos repetitivos nos que non fai máis que dicir que se tivese vontade para suicidarme... cando xa vexo clara a morte... cando por fin saio á ventá... E o fulaniño foi quen de escribir unha obra tras outra e non suicidarse nunca. Era de esperar. Foi morrer nun hospital, enfermo de Alzheimer, un bendito día de 1995.

Os libros de referencia non deixaban dúbidas: Cioran foi o gran pensador do pesimismo. Tamén, hai que foderse. Pensar o pesimismo. Como se non fose dabondo con sufrir o pesimismo. Anxo sabe ben do que fala: el é un pesimista. Sempre triste. Con ou sen motivo... Aínda que agora ten un motivo ben poderoso.

“Levo loito des que nacín.

Loito por este mundo”

Emile Cioran: *O ocaso do pensamento*

Cioran alporizábao. Un tipo que vivía con loito polo feito de vivir. Mamón.

Anxo andaba triste. Moito. E ter que lerse a Cioran, a Cioran case enteiro, como tiña a obriga de facer pola historia da tese doutoral, non lle axudaba moito, a dicir verdade, a saír desa tristura inextinguible. A súa mágoa tiña que

ver con Beatriz, a súa moza. Ela, agora, non quería estar con el. Digámolo ben: non quería deitarse con el. Non quería e punto. E non deu razóns. Beatriz deixárao claro: non quero verte máis. Non houbo explicacións. Non respostou ás súas preguntas esixindo por ques. Beatriz deixouno; expulsouno da súa vida dunha maneira repentina e inagardada. E por iso Anxo está triste.

E tócalle ler a Cioran. Como non presente antes de que remate o mes o informe sobre os tres libros que o cabrón de Cabaleiro lle mandou, vai pasalo realmente mal. Gran fillo de puta o seu director de tese. Seica lle vén de familia, que seu pai xa fora catedrático, segundo conta a lenda, de Xeografía había milleiros de anos, no xurásico inferior da historia da Universidade de Santiago. Contáronlle de todo daquel fulano. O seu fillo, lexítimo debedor de tan fedorenta fama, non quería quedar atrás.

Anxo le a Cioran porque, seguramente, o cornudo de Xu-lián Cabaleiro, catedrático de Ética (tamén, manda carallo) da Universidade de Santiago de Compostela, fillo de catedrático e probablemente pai de catedrático futuro fillo de puta explotador de alumnos de Terceiro Ciclo... non sabe nada de Cioran e, probablemente, o seu negro, é dicir, Anxo, vaille contar, nese resumo, todo o que el precise para escribir a súa nova obra. Que leva toda a vida, por certo, escribíndoas igual. É dicir, escribíndollas os seus negros do departamento.

Anxo, negro do departamento de Filosofía Moral, pecha o libro de Cioran mentres pensa en Beatriz.

Maxínaa, como tantas veces, apertada a el. Anxo non é moita cousa, e os brazos case que nin lle daban, polo xeral, para apertala completa. Beatriz é unha muller moi grande. Moito para el, segundo semella...

Non. Sabe que non debe matinar así. Des que ela rompeu con el, Anxo cúlparse de todo. Síntese menos. Sen querer pensalo coida que quizais hai outro. Pero non, non hai outro. Tena observado estes días, pola facultade adiante, cando o esquiava pola cafetería ou polos corredores. Non, con outro non anda. O problema non é que Anxo non sexa home para ela.

Lémbraa, grande como é, con aquela saia branca de listas negras que el lle regalou o verán pasado. Gústalle moito como lle queda. Transparentáballe un pouco fronte á luz. Anxo ten diante do maxín as pernas translúcidas de Beatriz. E non pode evitar evocar os seráns de amor compartidos na pensión da señora Antonia en Santiago... Beatriz.

Sinte unha certa excitación; algo enérxico que se lle concentra no medio da anatomía, a medio camiño entre as pernas e o embigo. A Anxo gustáballe facer o amor sen que ela quitase as saias. Espíaa completamente pero insistía –e ela cedía– en que deixase, sempre, a saia posta. Levantáballa ata o van, e daquela todo era perfecto. Ela adoitaba usar saias estreitas, cinguidas ás pernas gordechas. Daquela, as saias remataban sendo unha especie de cintos apertados sobre o embigo que a facían, aos ollos de Anxo, máis e máis gorentosa.

Anxo lembra. Excítase. ¿Como vai ler a Cioran nesas condicións? ¿Que lle parecería ó pesimista e melancólico e obsesionado coa morte escritor romanés que alguén tentase comprender os seus aborrecidos textos cunha erección de carallo (e nunca mellor dito)?

Anxo lembra a Beatriz, coa saia aquela branca con listiñas negras, andando dentro dos seus calzóns; pode maxinala agora, ollándolle aos ollos, espida de corpo enteiro (“a lencería máis bonita é o teu corpo espido”, adoitaba dicirlle), coa saia subida, claro está, andando no seu paquete, sempre

avultado e a piques de rebentarse cando ela puña a man aí. Anxo lembra, e leva a man aí. E o vulto sae por fóra, claro, un pouquiño. O pene asoma a cabeza, procurando a Beatriz. Onde irá. Onde estará. Quen che deixará a saia posta.

Anxo lembra. Beatriz na porta da habitación. Seria. Ollándoo. Dicíndolle sen abrir os beizos mil cousas que agora Anxo lembra con precisión: non poderás resistirte a min, estás a piques de rebentar de desexo. A Beatriz gorentáballe xogar á provocación. Nos mellores intres daquela relación máxica, ela era capaz de xogar mil xogos diferentes de cada vez. ¿Que foi que pasou?, ¿que fixen mal?

Anxo volve os ollos ó texto. Cioran. O pesimismo. Baixa o pene. Que remedio. Baixa só, sen necesidade de que el faga nada. Cioran báixalla a calquera.

Segue lendo. E por fin Cioran semella servir para algo.

“¿En que autor clásico lin que a tristura era debida á diminución da velocidade do sangue?

Sen dúbida, trátase diso: sangue estancado”

Emile Cioran: *O aciago Demiúrgo*

Si, Cioran quizais servía para algo. Velái a explicación perfecta do que lle pasaba. Un texto sobre a tristura. A tristura, dixo alguén, que di Cioran que dixo alguén hai moito tempo, é unha diminución da velocidade do sangue. Ten coña esta teoría, pensa Anxo. A velocidade do sangue. O sangue circula polas veas a unha determinada velocidade e, cando estamos tristes, a velocidade diminúe. Daquela, o sangue de Anxo agora ía morno, case sen movemento. Si, valíalle a explicación.

O sangue. As veas.

Cando estaba con Beatriz, daquela, o sangue ía a mil por hora. Se a velocidade do sangue diminúe coa tristura, estáncase como di Cioran, cando as cousas marchaban entre os dous, a velocidade do sangue de Anxo era de record olímpico. Si. O sangue, daquela, rebordaba.

Volve a excitación.

Anxo lembra a Beatriz subindo riba del, cabalgándoo. Ó levar a saia sempre posta, non se vía nada. Só eles os dous sabían o que de verdade estaba pasando aí abaixo da saia. E aí abaixo Anxo volve notar a velocidade do sangue, que burbulla agora ceibo e sen arestas polo seu corpo enteiro. É a forza evocadora do seu maxín, que trae a Beatriz case á súa beira. Cando menos, á beira da súa man dereita que non sabe que facer, se quedar sobre o libro pesimista, melancólico, prosuicida e derrotado de Cioran ou, pola contra, ceder a ese impulso sanguíneo que lle pide tocar a punta do sexo que, de novo, como nun eterno retorno nietzscheano, sae de novo, asomando o piquiño escuro, procurando unha Beatriz ausente. A man, a man autónoma, a dereita, que Anxo é destro, a de escribir, a de pasar as páxinas de libros inaturables, a de acariñar a Beatriz, a man dereita non sabe que facer. E deixa o libro e toca na punta. E aperta. E Cioran vaise a un lugar moi afastado.

Afrouxa a man. Volve a Cioran. Pero Beatriz non sei foi de todo. Segue por alí. Como a tristura de Anxo. Como a velocidade do sangue. Cioran a fin serve para algo: explícalle que é a tristura. A diminución do sangue.

Beatriz ofrecíase ás veces poñéndose a catro patas. Iso era o mellor de todo. El erguía a saia dela. Beatriz sen bragas. E el, coma un sacerdote dunha relixión prohibida e limitada a eles os dous, soerguía lenemente, como posuído por un feitizo, a saia de Beatriz ata deixarlle nas costas.

Daquela aparecían aquelas nádegas, enormes de muller enorme. E el, co seu pene escuro e grande –porque Anxo teno grande de verdade– entráballe por detrás sentindo a velocidade do sangue en toda a súa inmensidade. Ela regalábase así.

¿Que foi o que puido fallar?

A man dereita de Anxo, definitiva e xa sen disimulos, loita por tocar todo o que sae por fóra. Non busques, miña vella, que ela non anda por aquí.

Aquí estamos ti, eu e Cioran. E a explicación da tristura. Cando Beatriz lambía, todo quedaba dentro.

Anda. Volve dentro.

O pene obedece. Gárdase para outras ausencias.

Anxo pasa de folla. Cioran aparécese con claridade manifesta. Despois de todo, este fulano non era tan parvo como coidaba. Leu na páxina 116 de *O Aciago Demiúrgo*.

“ Felicidade aterradora.

Veas nas que se dilatan milleiros de planetas”

Iso xa foi definitivo. Inaturable.

Botou a man ó pene e, con forza, con carraxe, desesperado, masturbouse con estrépito, coma un condenado a morte. As veas do pene dilatáronse ata lindes descoñecidos por el. A velocidade do sangue, xa que logo, era a correspondente a un orgasmo magnífico e magnánimo que xa se anunciaba. Pechou os ollos e puido ver, con claridade e sen dúbidas, a Beatriz, só vestida coa saia, danzando entre milleiros de planetas brancos con listas negras.

Exaculou sobre a cara de Cioran. Feliz, por un intre cativo, mentres o sangue recuperaba a súa velocidade normal.

TOY STORY

Hoxe cumpro corenta anos. Sei que é un tóxico pero, como home que son (en fin, máis ou menos home que son... en calquera caso, como entidade máis ou menos masculina que son) entro oficialmente na andropausa. Ela diría pitopausa, sempre tan caralluda, como se as súas brincadeiras fosen xeniais, como se resultase graciosa, a fulana. Sei que é algo psicolóxico. Sei que non ten base real. ¿Que máis ten ter trinta e nove ou corenta? Só teño un día máis cá onte. Seino ben. Mais sei tamén que estou sentíndoo. Si, teño corenta anos. E estou andropáusico. Ou pitopáusico.

A revista *Time*, esa de tanto prestixio, escribiu no seu número do mes pasado –Abril de 2001– que eu son “o máis insignificante consorte do mundo”. Non podía ser peor. Eu, Ken, de Mattel, o xoguete preferido das nenas de medio mundo (en fin, o segundo preferido; ben sei que ela, Barbie, é a primeira), paso á historia como “o máis insignificante consorte do mundo”. Como non hei estar pitopáusico ou andropáusico ou páusico a secas despois de ler algo así de min. A xente adoita pensar que ese tipo de cousas non me afectan; coidan que, total, como xa teño lido tanto sobre min mesmo en tantos anos, de todo e de todas as cores, cousas boas e malas, non me abato nin amolo xa por nada. Non é certo. Sufro como calquera. Podo ser un xoguete, mais teño unha dignidade.

“O máis insignificante consorte do mundo”. Iso son eu. Como a Primeira Dama, como a Raíña Nai de Inglaterra. Pero eu son un home digno de respecto, con amor propio, coma calquera outro. ¿Como non vai magoarme algo así?

Son Ken. Un consorte. E insignificante. Menos importante que o marido de Margaret Thatcher, que xa é dicir.

Velaquí estou, aos meus corenta anos. Ela, Barbie, é algo maior ca min. Ben sabedes. Non envellecemos, que somos xoguetes de plástico. Eu estou sempre novo. Sempre sorrinte. Sempre peiteado. Cabelo cor marrón. E un sorriso immaculado que xa quixeran para si moitos famosos. Velaí, probablemente, o segredo do meu éxito. O meu sorriso.

Porque eu teño sorriso.

Pero non teño polla.

O máis insignificante consorte do mundo, ademais, non ten polla.

Pero ela ten tetas aínda que non teña cona.

Tamén niso gaña ela. Sábese que é muller polas tetas. Pero eu estou apirolado (no senso etimolóxico do termo iso é o que eu son. Un a-pirolado: un ser sen pirola).

Eu son o mozo eterno de Barbie. Facemos a parella perfecta. Asexuados e sorrintes.

Pero ninguén sabe que, polas noites, cando ninguén nos ve, Barbie sube riba da miña cara, e eu lámboa, cunha lingua rosada que as nenas non me ven e que non saben que teño, lambo, si, a entreperna sen pelos de Barbie. E ela abre as pernas, e senta riba de min, e case me afoga. Neses intres eu non son un insignificante consorte. Neses intres eu son unha lingua longa e húmida, necesaria e imprescindible, de cuspe que lle lambe a Barbie o que non ten. Tiñades que vela neses momentos, abrindo cos seus dedos as pernas, coas unllas pintadas de roxo paixón, mentres eu me esforzo en lambela. Dime, Ken, Ken, Ken. E eu dígolle puta, puta, puta. Ti estás na historia. Eu son o consorte. Eu non teño polla e ti, cando menos ti, tes tetas. E eu lambo ata que sinto un proído insupportable que non me deixa respirar nin seguir. Daquela Bar-

bie, cando se corre, érguese, sorrí e marcha sen alento. E volvo ser a mesma merda de sempre.

Barbie e eu nunca habemos casar. Velaí está o truco. Ela está permanentemente guapa porque ten un mozo guapo que é Ken. Mais fixádevos como son e como se din as cousas. Ken é o mozo de Barbie. Primeiro é ela. Ela é por si mesma. Eu son o seu mozo. Un insignificante consorte asexuado de corenta anos.

E cumpro unha idade pitopáusica. E case ninguén se decata. Sábeo esa prestixiosa revista, unha das máis lidas do mundo, que me deixa coma un imbécil. Non embargante ela, hai uns anos, cando cumpriu o mesmo tempo, eses corenta que lle sentan tan ben, foi, unha vez máis, a raíña do universo. E editáronse libros sobre Barbie. Eu, por suposto, figuro como consorte. E deseñáronse vestidos para a ocasión. A min si, tampouco vou mentir, fixéronme un esmoquin. Unha merda de esmoquin. Pero só para non quedar raro diante dela, que estaba de festa e, xa que logo, era obrigado para eles vestirme dese xeito.

Ás veces gustaríame ter outro tipo de accesorios. Os de Mattel só me deseñan, e moi de cando en vez, cousas pouco interesantes. Se é Barbie executiva daquela teño un maletín (e un móbil); se é Barbie Melena Tropical, daquela véndeme con lentes escuras de sol. Caralladas dese estilo.

Eu quixera ser un boneco de acción.

Eu quixera ser un xoguete bélico.

Eu quixera ter unha pistola.

Unha pistola para poñela na entreperna, polas noites, e dicirlle, veña Barbie, caralluda, mamona, veña a mamarme a punta da pistola.

Eu quixera ter unha pistola.

Obrigaría a facerme unha felación salvaxe e pistoleira.

Eu quixera ter unha pistola. O cargador das balas serían os collóns. E a punta da pistola a polla que non teño. E ela había chupar. E cando me correse soltaríalle un tiro nesa cariña que sempre ten de lado, como se fose feliz, a moi porcona para encherlle a boca toda enteira de plomo-seme.

Eu quixera ter unha pistola e que Barbie me chupase a punta da pirola.

Eu quixera ter unha pirola que disparase tiros como unha pistola.

Pirola. Pistola. Que verbas máis semellantes.

Se tivese unha pistola sería como ter unha pirola.

Diante miña teño unha revista infantil. Que outra cousa había haber nesta habitación de nena na que Barbie e eu vivimos. Por certo, a rapaza que vive con nós –á que pertencemos, para que me entendades– chámase Mariña. Quédalle pouco de andar a xogar con Barbie. Porque, non nos trabuquemos outra volta, é así como hai que dicilo: Mariña xoga con Barbie. E un dos accesorios de Barbie, como os pantalóns-pirata que agora ten postos, é Ken; eu son un accesorio insignificante, porque o xoguete é Barbie, que vén cun bolso amarelo e unha blusa, tamén amarela, por suposto, que en Barbie sempre todo vai a xogo... eu vou a xogo con Barbie, tamén.

Pois iso, teño diante miña unha revista infantil. Na sección de concurso propóñenlle ás nenas lectoras da revista un concurso que vén sendo unha cousa así como literaria. Copio:

“Agora podes elixir un destes premios espectaculares se gañas este superconcurso. Remata a historia: Era unha fermosa mañá de primavera, así que Barbie Fashion Avenue , saíu dar un paseo. Estaba cruzando a rúa, cando viu un coche Hot Whells parado nun semáforo. Nese intre...”

Velaí o fragmento dun relato que, segundo semella, as nenas teñen que completar para concursar. Xa podedes ma-
xinar as paifocadas literarias que agardará o xurado do pre-
mio este. Agardan cousas do estilo: “daquela, Barbie Fas-
hion Avenue decatouse de que quen conducía o coche era
o seu querido Ken, que ía vestido dunha maneira sport
e....”. En fin, cousas así.

Vou concursar eu:

“Era unha fermosa mañá de primavera, así que Barbie
Fashion Avenue, saíu dar un paseo. Estaba cruzando a rúa,
cando viu un coche Hot Whells parado nun semáforo. Ne-
se intre decatouse de que quen conducía o coche era o seu
querido Ken. Barbie sorriu erguendo a súa manciña de de-
dos pegados, ladeando a cabeza, sorrindo coma unha papa-
ostias e chamándoo con aquela voz de galiña: ¡Ken! Non
embargante, axiña se decatou de que o seu mozo non ía só.
Sentado no outro asento do descapotable había outra bone-
ca. Esta sorría tamén, pero cun sorrir que a Barbie pareceu
perverso e, a Ken, maravilloso e cachondo. Daquela, Bar-
bie Fashion Avenue non soubo que facer nin que pensar, e
moito menos cando viu que, aproveitando que o semáforo
seguíu vermello, Ken e aquela boneca de sorriso preocu-
pante, pero que a Ken engaiolaba tanto, se bicaban con es-
trépito, case facendo ruído. Barbie viu como o seu mozo
esmagaba con forza, sen deixar de bicala nin de sorrir, a
teta esquerda daquela boneca, probablemente inchable,
posto que tiña unha boca grande e aberta, e un buraco no
medio das pernas. Barbie, chea de carraxe, decidiu ache-
garse ó coche. Ken, ó vela avanzar, saíu non sen antes di-
cirlle á súa boneca-acompañante: acouga, boneca, que ago-
ra veño e rematamos o que empezamos; podes ir pasando á
parte de atrás.

—¿Pero que significa iso, Ken?, preguntou Barbie.

Ela non lembra o que lle contestou, porque os seus ollos puxéronse como pratos enormes ó se decatou do colosal vulto eréctil, descoñecido ata aquel día, que o seu mozo tiña entre as pernas. Non pode ser, pensou Barbie Fashion Avenue. Non pode ser, volveu a pensar. Non pode ser, que ti non tes pirola.

Ken entrou no coche. Aparcou á beira da Rúa da Moda máis Fashion e espetoulle a pi(s)r(t)ola na cona á boneca inchable.

Barbie, horrorizada, deu a volta e púxose a camiñar sen saber cara onde. Asustouse moito ó se decatou do avultados que tiña os pezóns...”

Eu son Ken. De Mattel. De Barbie. Teño corenta anos. Estou pitopáusico. Son o consorte máis insignificante do mundo. Son un complemento de Barbie. Estou pitopáusico e non teño pirola.

E ela, ela, cando menos ten tetas.

A ERÓTICA DO PODER

VIVA ZAPATA



Foto: Rosa Veiga

Para Rosa Veiga, que fotografou esta historia.

Nuria está varrendo a néboa. En Chiapas a néboa é tan mesta que pode varrerse. Por suposto, non serve para nada; para que vai servir varrer a néboa. Para perder o tempo. De feito e, falando en puridade, a néboa non se pode varrer, a pesares do que acabamos de escribir hai un cacho. Aínda así Nuria várrea e sabe que a néboa non se move do seu sitio. Mais a ela, ese labor inútil, válelle para se lembrar de Xavier. Varre e, no abaneo da vasoira, e do seu propio corpo, concéntrase na imaxe de Xavier, que non está. El anda na Marcha. A Marcha Zapatista pola Liberdade. A Marcha Zapatista pola Dignidade. Díxoo o subcomandante Marcos: “todo para todos, para nosotros nada”. E Xavier, ¿será para Nuria?, ¿cando?, ¿cando volva?, ¿pero volverá algún día ou morrerá, na néboa, como tantos outros soldados, de Zapata, de Marcos, antes ca el, na selva? “Llegaremos hasta México Distrito Federal, para que nos escuchen”. Xavier está metido noutras guerras diferentes ás de Nuria. Ela varre a néboa. Xavier anda amañando o mundo. Ela quere estar con el. Pero el anda facendo a revolución.

O mundo é como a selva, e como a néboa, tamén. A selva sempre está mollada. No outono e no inverno porque non deixa de chover. Na primavera e no verán porque a calor e a humidade fan o aire irrespirable. Por iso, pola humidade, hai sempre néboa na selva de Chiapas. Sempre humidade.

En Nuria hai tamén humidades. Vai vestida coma sempre. Ten só dúas saias. A negra para ir á misa os domingos, e a branca, a de diario. Por arriba, un chaleco vaqueiro que

Iles chegou nun camiión dunha ONG.

Hai humidades que recenden a Xavier.

Son as primeiras horas do día. A néboa, coma sempre, deita no aire unha escena cotián. Nuria levaba a saia branca, aquel día de Xuño, cando Xavier baixou do cabalo para beixala sen pedir permiso. Ela varría a néboa, como cada día, e el sabía que Nuria coñecía as mesmas humidades cá el. Baixou do cabalo e tirou o pasamontañas. Ben sabía Nuria que quen se agochaba detrás da tela negra, do uniforme revolucionario dos subcomandantes, era Xavier. Coñecía eses ollos. Sabía quen estaba detrás aínda que nunca lle vira a cara. Sabía que era Xavier, o mesmo rapazolo co que xogara tanto cando nena. Bicáronse. E caeron no chan naquel camiño no que, por fortuna, non pasaba ninguén cando ela, coma unha tola, varría a néboa preñada de melancolías e esperas.

E pasou o que tiña que pasar. E Xavier dixo, son un home e estou na guerra, estou namorado de ti, Nuria, des que era un cativo, ¿por que varres a néboa? Non cho sei, contestou. Agora vou pelexar contra o soldado do patrón. Tí has agardar por min, aquí, varrendo a néboa.

A saia ficou manchada de sangue e lama. Húmida do frío mesto da néboa. A saia branca, a de diario, a que non se pode levar á misa, está chea de sangue, de lama. De amor.

Nuria ficou enferma de amor para sempre.

Agora, coa mesma saia, varre a néboa. Pensa en Xavier. E aparécenselle no maxín milleiros de xavieres diferentes. Todos coa pipa na man. A pipa dos subcomandantes. E a pipa de Xavier dentro da boca de Nuria, que varre agora a néboa sen notar que está a facelo. Poderíase dicir que aboia na néboa, que levita sobre ela. Aparéceselle Xavier. Puido verlle o sexo, gordecho e moi branco, aquela mañá

de Xuño imprevisto. Estrañamente branco para un indíxena de pel tan escura. Púxollo na boca. E Nuria varreulle coa lingua o doce néctar. A pipa de Xavier, o seu pene branco, sóubolle a tabaco e a home. Nuria ve debaixo súa a Xavier, á súa beira, diante súa, detrás súa, introducíndolle a pipa na boca, penetrándoa coa caloríña do tabaco concentrado na pipa, no pene, no sexo branco de Xavier, diante, detrás, á beira, enriba, debaixo, entrándolle por todos os buracos orfos que lle quedan agora con tantas ausencias. E ela succiona tentando lamberlle a alma porque ten medo de que morra na guerra contra os soldados do goberno federal. E ve outro Xavier que desde arriba lle preme os peitos, como queréndolles quitar un zume que Xavier probou delicioso e inesgotable.

E a Nuria non lle restan folgos e cae de xeonllos, na néboa, notando unha humidade máis quente que a da néboa fría da selva burbullando entre as pernas.

Onde estás, subcomandante, que non me dá chegado o día no que hei deixar de varrer a néboa eu soa.

Xavier tiña unhas sandalias feitas de vimbio seco e branco, feitas de miseria, que aquí é o único que nos sobra. As unllas negras. Aquela noite, antes de partir, escoitoulle falar, insurxente e estrelado, polos micrófonos de *La Realidad*. As mulleres aplaudían. Xavier, quizais ría debaixo do pasamontañas.

Despois el cravou os seus ollos en Nuria. Ela estaba no medio da xente, mais puido notar, coma unha aguilloada, a ollada roxa do seu amante. Soubo daquela que quería fundar unha familia con el, que quería que lle fixese un fillo, notalo dentro, moi dentro. Un fillo que levaría para sempre a cor escura do seu pai e a pel doce de Nuria.

Subiu no cabalo. Xavier aínda tivo tempo de ollala

novamente, e aquela presenza sóbolle a calores polos que ía ter que agardar. Moito tempo. Varrendo a néboa.

Nuria tapou a cara cun pano roxo. Agora sábese unha zapatista máis. Tapa a cara como llo pediron as outras. Tapámonos porque as faces non importan. Importan os movementos. Saudou coa man. Despois, levouna á boca, para taparse do frío que ía a esas horas da mañá, cando a Marcha Que Pretendía Cambiar O Mundo principiaba. Xavier, todo un home dacabalo da Razón e da Xustiza, volveu sorrir. Por suposto que, co pasamontañas posto, non se sabía que estaba sorrindo. Pero si que o sabía Nuria.

Xavier, o subcomandante, marchou cos demais. Nuria levou de novo a man a boca para taparse co pano do frío. Notou un recendo marabilloso naquela man. O recendo do seme.

Nuria varre a néboa. E moito lle tarda o amado.

Unha nai pasa cunha neniña. Ela fai o símbolo da victoria cos dedos. Marchan a pequecha e a nai. Nuria fai o símbolo da victoria cos dedos.

E, con eses mesmos dedos victoriosos, varre a humidade da súa propia selva por dentro da saia branca de diario.

ATA A VICTORIA SEMPRE

A min, serei sincero, o asunto aquel da Reforma Universitaria importábame máis ben pouco. O certo, a verdade verdadeira era que eu pasaba por alí, pola rúa do Franco; saía da pensión da señora Antonia, onde vivín todo aquel tempo da Universidade, cando escoitei aquel burbullar afastado de voces que berraban. Xa estamos. Outra manifestación, pensei. Coma sempre. Nada novo nos primeiros oitenta en Compostela. Distinguín con claridade o que berraban: non, non, non, a esta reforma, non; bote, bote, bote, Maravall el que no bote e cousas polo estilo. Como digo, a min iso das reivindicacións dábame máis ben igual. Non participara en ningunha nos cinco anos que botara en Santiago, facendo Xeografía, e agora que xa só me quedaban un par de parciais para rematar, non tiña intención de empezar. Mais ben, todo o contrario: eu era dos que me aproveitaba dos días de folga para poder estudar con máis calma ó non haber clases e non ter que pasar para nada pola Facultade. Que se manifestasen os outros.

Como digo, eu subía polo Franco, cando a masa dos manifestantes se me botou enriba, non, non, non, a esta reforma non, bote, bote, bote, Maravall el que no bote, non nos mires, uneté; máis ou menos o de sempre coma sempre. Os manifestantes avanzaban cara min, como era de agardar, cunha gran pancarta que abría a manifestación. Non me lembro do que puña, a verdade. Tiven que botarme a un lado para deixalos pasar. Ollei cara atrás. Eu era o único pailán alí. Toda a demais xente fora o suficientemente esperta para dar a volta e así non verse atropelada polos

manifestantes. Todos agás eu.

Colleríame cun mal día, pero o certo é que a pouco máis non me aparto. A verdade, tiña gañas de matalos a todos. ¿É que non tiñan máis que facer que estar alí manifestándose?, ¿é que non lles daba a cabeciña para algo mellor que andar amolándome a min que, non sei por que, tiña aquela mañá unha certa présa?

Aparteime, vaiche boa, que se non, tan bestas viñan, tan concentrados na súa propia historia ían, que terían pasado por riba miña sen dúbidas. Pero non foi así, como digo, porque me afastei cara un lado a tempo.

E aconteceu o inevitable. A masa arrastroume igual, converténdome, contra da miña vontade, nun monicreque máis daquel río humano e caótico.

Non me deu tempo nin a dicir nada. A multitude absorbeume dentro súa, con forza, coma unha avalancha imparable. E principiei, contra da miña vontade, insisto, a camiñar con eles. Resignado, comprendín que só tiña que chegar ata o Obradoiro e, alí, probablemente, podería saír daquel problema humano.

—¡Moi ben, colega! ¡Putra madre! ¡Dabuten!

Ollei á dereita. Alí atopei unha faciana de rapaza que non coñecía de nada. Ela ía coma min, case correndo, no medio dunha masa que nos dirixía a todos sen que ninguén mandase e ninguén soubese moi ben cara onde íamos en realidade.

—¿Que?, ¿que dis?

—¡Que de puta madre que te unas a nós!, ¡así me gustan a min os tíos!

Non puiden evitar sorrir. Fixeime nela. Ía vestida cunha especie de blusa amarela, moi feble e case invisible. Os ombros ó aire. Víaselle un pouco do suxeitador; as tiras

teimaban en caerse polos brazos abaixo. Sorría cunha amplitude e unha verdade como nunca antes mirara. E sorríame a min. Irremediabilmente, fixeime nos seus peitos, grandes, redondos, oprimidos contra da blusa. Non puideren reprimir un enorme desexo de xuntarme a ela.

E non reprimín ese desexo. Xunteime a ela. Quero dicir: fisicamente. Arrimeei os meus ombros aos dela. E ela, ó notar o meu contacto, volveu sorrir.

Chegamos a fin ó Obradoiro. De cada un dos catro puntos cardinais da praza entraba unha masa de estudantes diferentes. Todos berrando o mesmo, todos aplaudindo. A policía xa tomara a porta do Rectorado. Xuntámonos unha morea enorme de estudantes. Eu non me separaba daquela rapaza.

Sorrinlle unha vez máis.

Devolveume o sorriso con sinceridade.

Daquela, todos empezaron a botar. Bote, bote, bote, Maravall el que no bote; rector, cabrón, traballa de peón; non, non, non, a esta reforma non; eses de aí, de que facultade son (á policía, claro está). A rapaza saltaba. Os seus peitos saltaban. O seu cu saltaba.

Exciteime.

De súpeto, os de atrás principiaron a empuxar cara adiante. Tratábase, segundo entendín despois, de presionar á policía, para obrígalos a actuar contra nós, e iniciar así a batalla, ou a meterse dentro do Rectorado. Daquela, e sen procuralo eu en absoluto, pegueime ó cu daquela rapaza.

A verdade, non sei se notou o que me medraba alí detrás, pero a dureza podo xurar que era de impresión.

Ela chimpaba no aire, leda e chea de vida. Collín os seus ombros por detrás. Ela virou a cabeza. Sorriume. Sorrinlle.

Botamos. Botamos. Botamos. Botamos. Botamos. Arriba

e abaixo. Arriba e abaixo. Botamos arriba e despois abaixo.

E botei por fóra.

—¿Como te chamas? —pregunteille no medio do balbor-
do, morto de pracer, mollado, feliz. Sen forzas.

—¡Victoria! —berrou ela sen deixar de sorrirme.

Aperteime máis a ela e berrei con todas as miñas forzas
ollando cara a policía:

—¡Ata a Victoria sempre!

A PERVERSIÓN

QUE DURO É TRABALLAR

I

O traballo básico de Edgar, para describilo con frialdade, sen paixón, como convén empregar para referirse a un labor tan especial, é o de maquillador de cadáveres. É un traballo pouco frecuente, é obvio, pero é un labor máis dos que se precisan para o bo funcionamento da sociedade, para que a vida sexa vivible, para que as cousas funcionen ben. É preciso que alguén maquille os cadáveres, como é preciso que alguén recolla o lixo, como é preciso que alguén poña multas, como é preciso que alguén faga estatuas, como son precisos os políticos, os avogados ou os profesores de Xeografía. Por suposto que é un traballo especial, unha delicada actividade que precisa de profesionalidade, técnica, e moita, moita responsabilidade. A pesares disto é un traballo pouco valorado socialmente (como todo o que ten que ver coa morte). Algúns do gremio considérano incluso unha actividade artística, porque é un traballo que hai que facer polo miúdo, atendendo aos detalles. Edgar non. El nunca diría tanto. El non se para nesas disquisicións. El non é para nada poeta. Fai o seu traballo e punto. Nin goza nin lle amola. Sinxelamente: é o seu xeito de gañar a vida. Máis nada. Traballa para unha empresa de servicios funerarios chamada Celestic. Esta é a empresa que ten a contrata do Concello para este labor do adecentamento dos cadáveres. Foron os únicos en concorrer a concurso cando saíu a oferta. Quizais, Edgar non o sabe con seguridade, non exista outra empresa en Vigo de arranxo de cadáveres.

A súa tarefa, así, contemplada sen paixón, puidera semellar indesexable para calquera persoa de ben. Traballar cos mortos non parece o mellor dos labores nos que un pode ocupar o tempo da súa vida. Pero Edgar non o leva mal. O home acostúmase a todo: ás cousas boas e ás malas, ás agradables e ás desagradables. E hai determinados traballos –coma este– que teñen que ser feitos por alguén, por noxentos que nos parezan. A todos nos gusta chegar ó tanatorio e poder ollar ó cadáver cunha expresión, máis ou menos, presentable. Os defuntos de corpo presente –deixémonos de andrómenas e falsas hipocrisías– son sempre desagradables para os vivos. Lémbbrannos dun xeito obvio de máis, a evidencia da nosa morte, e que imos ocupar, algún día, ese espacio protagonista na sala do tanatorio. Daquela, convén facer que os mortos aparezan máis presentables desde un punto de vista estético. Ó semellar case vivos, case durmidos, acougamos todos un pouco máis.

—Que guapo está.

—Semella durmidiño.

—Mira, mira que beizos tan roxos, parecen cheos de vida.

Eses son algúns dos comentarios que se escoitan, de cando en vez, nos habitáculos marróns e asépticos dos tanatorios municipais. Pero o que os opinantes non saben, é que detrás desa presentación, está un completo servicio profesional de maquilladores (e ás veces é moi complexo conseguir un produto presentable, para dicilo con neutralidade e non semellar acedo, pola desfiguración, ou porque o finado foi tratado cunha farmacopea moi agresiva... daquela as fazulas ínchanse e é moi difícil traballar un rostro así). Edgar non sabería darnos unha explicación deste fenómeno, pero non hai maquilladoras na súa profesión. “Ben (pensa Edgar), supoño que na tele e no teatro só hai

maquilladoras e non maquilladores. As mulleres, para mellorar os vivos, e os homes, para adecentar aos mortos”.

As mulleres, tamén, son máis doadas de maquillar. Non por nada especial, senón pola ausencia de pelos na faciana: a barba e todo iso. Esta continxencia pode dificultar o traballo moito, máis en especial se o barbado tivo un accidente e hai que limpar os restos de sangue nunha face peluda. Edgar, xa que logo (e todos, todos os compañeiros do gremio sen excepción) prefería maquillar mulleres. Remataba antes e daban menos traballo.

O labor de Edgar, como dicimos, é xa, para el, unha rutina. O primeiro que fai é observar ben a faciana do finado ou finada. Como hai que percurar que teña un bo aspecto, para iso é importante engordarlles a cara. Unha cara chea dá a entender saúde. Cousa curiosa se matinamos que estamos a falar da saúde dos mortos. Se o morto finou por enfermidade, adoitan estar moi delgados, polo que hai que traballar as fazulas cunha base corada, abundante e pastosa, case unha especie de pegamento, de lama grumosa, para conseguir unha impresión de gordura. Non embargante, cando hai que traballar un morto súpeto, é dicir, de accidente, ou ataques cardíacos ou así, o problema básico vén sendo reconducir a expresión: ollos tortos, narices partidos, beizos danados, os chichóns, sempre tan antiestéticos... ese tipo de problemas.

Un traballo rutineiro. Que Edgar é capaz de facer coa radio posta, todo o día escoitando os Corenta Principais. Algunha vez preguntáronlle como era capaz de aturar tanta marcha cun morto diante. Nunca matinara nese tema. De certo, xa chegou a ese intre no que esqueceu que os corpos que maquillaba eran de persoa. Para el só é carne. Materia

inerte, nin sequera humana, que hai que adecentar. Páganlle por iso. E máis nada.

Non embargante, hoxe o traballo semella máis difícil para Edgar. Sabía que entraba dentro do posible que algunha vez tivera que maquillar algún coñecido. Non embargante, nos oito anos que leva metido nisto, nunca lle pasara. Pero desta vez si. Recoñeceu o rostro á primeira ollada, cando trataba de decidir a cor do rímmel que mellor iría con aqueles ollos azuis. Velaí estaba Yolanda, unha rapaza da súa mesma idade: trinta e catro anos, colleita do 66. Unha compañeira do instituto. Coincidiran na mesma clase os tres anos de BUP e o COU. Despois a rapaza marchara á Universidade. Edgar non sacou o curso, e, tras repetir, deixou os estudos para traballar no bar familiar. Despois, un enchufe do seu pai colocárao en Celestic. Un bo traballo que lle daba para vivir.

Yolanda. Non lembraba os apelidos. Pero era ela. Inconfundiblemente.

II

Por vez primeira en oito anos –de feito non lle pasara nin na primeira vez, e iso que máis de un abandonara despois desa primeira vez– Edgar está afectado. Yolanda, compañeira de catro anos, alí tirada diante súa, aparece como un sentimento triste, polo inagardado. Non había que ser ningún xenio para deducir a causa da morte: un accidente. A testa presentaba unha fenda pequerrecha na sen dereita, unha desas feridas asombrosas, porque semella increíble que alguén poida morrer tan definitivamente só cunha fisura tan pouco catastrófica. Probablemente –xa o confirmaría despois– un accidente de moto. Cando son de coche, hai máis golpes na faciana, pois hai máis contra do que bater. Non embargante, os accidentados de moto case sempre son iguais: un impacto non demasiado espectacular nalgunha parte vital da cabeza. E mira que se lles di que leven o casco. Co doado que é poñelo e evitar problemas.

—Pobriña. Trinta e catro anos. Coma min.

Ben, iso non é nada especial. Edgar xa maquillou bebés. A idade xa non aparece como un factor sentimental que lle afecte. Se dicía iso de “pobriña, trinta e catro anos, coma min”, era porque coñecía á rapaza e ó morrer unha persoa que formara parte da súa vida, dalgún xeito, a morte tocáballe tamén a el. E entendamos isto ben: se Edgar recibise a nova ou lera a necrolóxica de Yolanda nun xornal, non iría ó soterramento. Tampouco sentiría mágoa de ningunha clase, probablemente. Non falaran neses derradeiros oito anos, e, nos catro de instituto, charlarían tres ou catro veces, non máis. E sempre con outros compañeiros

polo medio. Non eran amigos e, con toda probabilidade, de se atopar calquera día pola rúa ningún dos dous saudaría ó outro. Quizais ela nin o recoñecería, nin se lembraría de Edgar, tampouco.

III

Pero Edgar lembrábase moi ben dela.

¿Como esquecerse? A rapaza máis guapa da clase. Ela e Helena. Esta era loura, Yolanda, morena. Coma as cantantes de ABBA, que tanto éxito tiñan por aquelas datas. Edgar sorriu ó lembrarse das dúas rapazas, as máis fermosas do instituto.

Pero Edgar nunca as pretendeu. E das dúas, a que máis lle gustaba era Yolanda, porque Helena parecíalle moi repintada, cunha beleza algo artificial, unha beleza adulta e señora de máis para ser tan nova. Helena levaba tacóns e cousas así. Sen embargo, a beleza de Yolanda era máis natural, máis sosegada. Tamén naquel intre, alí esquecida sobre a mesa, a súa beleza é unha beleza tranquila, calma e sen alarmas, sen sobresaltos e accesible, coma unha lagoa empantanada e reluciente.

Cantas lembranzas tiña dela. E en todas aparecían rapaces polo medio. Eses adolescentes guapos, animosos, eses que sempre atopaban as verbas precisas para ligar coas rapazas coma ela. Aínda que lle dea vergonza case pensalo, Edgar, con trinta e catro anos, é virxe, e seguirá séndoo, con toda probabilidade, por moito tempo, ou quizais para sempre. A ver, se non sae nin vai a ningures nin nada. Naceu tímido e tímido ha morrer. É gris e plano. Vulgar. Vive nun mundo de tebras e desa escuridade non ha saír nunca. É un tipo desértico.

El non é decidido e non sabe falar coas mulleres, nin sequera coas que non son guapas e estarían dispostas a facerlle caso a calquera tipo que lles falase. Quizais por iso, por

tanta vergonza cando está coa xente, se lle dea tan ben este traballo: porque non ten nada que falar cos mortos (é obvio), e estes non protestan pola música que pon na radio, non ten que intimar con eles nin ten por que caerlles ben... Non din nada e el tampouco di nada. Por iso todo é perfecto e harmónico no traballo. Todo amable e sen estridencias.

Nas lembranzas de Edgar aparece Emilio, o Negro. Díciánlle así porque tiña a pel moi escura, e por amolar, tamén. Foi o primeiro en saír con Yolanda. E Laureano, xa no segundo curso. E despois, en terceiro, Fernando, o máis guapo de todos, alí, coa súa moto e Yolanda subindo detrás, o cabelo ó vento, máis fermosa, aínda, coa velocidade (¿sería a moto de Fernando quen lle levara a vida?). Debeu ser un bo tipo o Fernando aquel, porque xa non houbo máis mozos. Casaran. Iso si chegou a sabelo, pero non se tiveran fillos.

Principia a mixturar as cremas para adecentar a cara. O primeiro, tapar esta fenda. Non se debe notar. Os familiares, morbosos, e todos os que veñan ver o seu cadáver, tratarán de buscar a ferida.

—Heinos foder. Vou facer unha obra mestra. Tranquila, Yolanda: heiche deixar ben bonita. Coma ti es.

E díxollo sorrindo, e acariñou, con agarimo sincero, con pena verdadeira, unha daquelas meixelas inertes. Daquela, lembrou algo máis.

Recordaba aquela trasnada que un día fixeran Botín, López e el. Ben, en realidade e para dicilo correctamente, Botín e López. El non.

Rematara a clase de Ximnasia. Todos os rapaces xa se ducharan, e no vestiario só quedaban eles os tres.

—¡Agora!

Escoitoulo dicir a Botín, mentres botaba unha ollada

cara o corredor.

—¡Agora! –repetiu– ¡agora que non hai ninguén! –e pechou a porta do vestiario.

E López puxo as mans xuntas e Botín puxo un pe nelas, para subir cara a parede. Edgar non entendía nada.

—¿Pero que facedes?

—¡Mira!

Edgar viu, divertido, como Botín, sempre tan fedello e baldreo, sacaba unha baldosa da parede. A baldosa chegaba xusto á altura dos seus ollos. Edgar non necesitou moito máis para entender o que pasaba. Detrás, na parede, fixeran, ou descubriran, un buratiño polo que se podía acceder, visualmente, ó vestiario das rapazas.

—¡A Yolanda, tío! ¡Estou vendo en bragas á Yolanda!

López case o deixou caer. Entre os dous subírono.

—Que si tío. ¡Que boa está!

E cando ía subir Edgar, alguén petou na porta dicindo que ían pechar, que saísen todos. Era o profesor de ximnasia que quería pechar os vestiarios.

Edgar quedara sen ver a Yolanda. Botín e López lembráronllo durante os dous anos seguintes, amolándoo e sentíndose superiores.

IV

Pobriña, trinta e catro anos. Era a máis fermosa da clase. E Edgar é moi tímido. E non era un rapaz mal feito. Non, quizais, pensaba, de ter sido máis botado para adiante igual podía ligar con ela, ¿por que non?

O seu traballo case rematou. Normalmente non o fai, pero pensa que con ela é distinto. Retira a saba. Quere saber como vai ir ó cadaleito. Vestírona cun pantalón negro e unha blusa branca. Moi elegante. Alí, coas mans sobre o plexo, no ventre, está aínda máis fermosa. Si, sempre foi fermosa en vida e dá unha morta fermosa. Ademais, Edgar utilizou tons de cor lama para resaltar as pencas da súa cariña inerte.

Nunca o fixera, pero si desta vez: quitou os botóns –negros e pequerrechos– da blusa, a modiño, moi de vagar, coma se tivese medo de lle facer dano ou amolala, con moito respecto. E alí quedou Yolanda, co suxeitador ó aire. Era negro, de encaixe, moi bonito. Edgar pensou que non era unha boa combinación: cunha blusa branca notaríase o suxeitador. Pero pronto descubriu que estaba a pensar unha parvada: no cadaleito só ía mirárselle a cara mentres estivese no tanatorio (por iso, dirémolo unha vez máis, a importancia do seu traballo de maquillaxe facial). E desabotoou o botón do pantalón. E baixou a petrina e despois o pantalón ata deixar as bragas ó aire.

Daquela, Edgar admirou aquela beleza en calma, sentado á beira da mesa na que o corpo sen vida de Yolanda xacía con placidez; agora xa non importaba nada, todos os problemas remataran para ela. Non a tocou. Observábaa

con agarimo sincero. E Edgar, cun comportamento moi pouco profesional, descubriu que unha bágoa quente e salgada esvaraba pola súa meixela triste.

Vestiuna axiña.

Agora estaba empatado con López e Botín, e para sempre, para sempre, unido a aquela rapaza fermosa. E unido por algo moito máis forte e máis profundo, do que aqueles dous parvos tiveron, a pesares do seu aparente éxito, aquel serán estúpido, no instituto.

Edgar tapou o corpo sen vida de Yolanda e pensou que non ía traballar niso máis nunca.

BOCAS

Sentei, como cada martes ás dez da mañá, no sofá da sala de espera. Maricarmen non ía recibirme ata as dez e media, como cada martes. Non embargante, teimosamente, eu acudía sempre ás dez, cada martes ás dez, aínda que sabía, ben que sabía, que Maricarmen non ía atenderme antes, entre outras cousas, porque ás dez estaba na consulta con Merchi, a neniña esa de once anos que a saber o que lle pasará para que a teñan, tan nova, no psicólogo.

Collín unha revista ó chou. Cólloas ó chou porque total, que máis dá a que colla se, total, dos dous revisteiros que ten Maricarmen, un á beira de cada un dos sofás da sala de espera, sempre ten as mesmas desde hai non sei canto tempo. Por certo ¿canto tempo vai que estou a terapia con Maricarmen? Algo máis dun ano. Catorce meses, ou así. Si, quince, para ser concretos, quince.

E sego igual. En fin, máis ou menos igual. Non podo deixar de fantasiar. Fantasío. E sufro. E non sei cando as cousas que me pasan son de verdade ou son mentira. Xa tomei medicación abondo para sedar un elefante. Non me serven de nada as relaxacións esas que me pon, de cando en vez, de musiquiñas melodiosas e de voces que me din, reláxate, procura un lugar afastado onde te atopas ben, reláxate, o teu corpo é pesado, moi pesado, moi pesado. Nin me relaxo. Nin me durmo. Nin nada. E cabréome. Moito. Comigo mesmo por non acougar. E con Maricarmen que me fai perder o tempo coma un pailán.

Fantasío.

Con bocas.

Entrou unha muller. Sempre me poño moi nervioso cando entra alguén máis na sala de espera. ¿Por que entra se total non ten vez? Dígoo porque eu teño vez para as dez e media, e son as dez e dez e, xa que logo, non ten nada que facer aquí.

Eu sei quen é. É María. Ela non se lembra de min, e mellor que non me recorde e que non me mire. Abro máis aínda a revista e tápome, agáchome detrás dela. Que non me mire que pensará que son un tolo, e eu non son un tolo. Ou quizais si pero, en calquera caso, María non ten por que sabelo. ¿E por que estará ela aquí? Se cadra, porque se volveu tola. En fin, non, sei que non, que por vir ó psicólogo non se pode dicir así sen máis que un está tolo. Eu mesmo, sen ir máis lonxe, eu mesmo valo como exemplo de tipo que non está tolo. En fin, un pouco si que estou tolo co asunto ese das bocas. Pero estou controlando. Cada día controlo máis. Xa sei que fantasío, xa sei que teño ese problema, e que non é un asunto pequeno, que, incluso, pode chegar a ser perigoso, para min ou para os demais; son perfectamente consciente de que ás veces non son capaz de distinguir entre o que está pasando só na miña cabeciña tola e o que está pasando fóra de min, entre o que maxino e a realidade. E Maricarmen sempre di que o inicio da curación, da miña ou a de calquera, pasa polo recoñecemento do problema. E eu sei que teño ese problema.

María ía no instituto. Pero seguro que non se lembra de min. A ver, vou probar a quitar a revista. Ala, xa está. Óllame. Sorrí. Volve pousar os ollos na revista que está lendo. Carafío, esa non a lin. Definitivamente, non sabe quen son. Mellor así, que aínda había pensar que estou tolo coma ela.

Se cadra é unha amiga de Maricarmen. Non, non pode ser. Se fose así xa tería saído para saudala. Non a tería

agardando, en fin, digo eu, e digo por non estar calado, aquí nesta sala de espera tan fea e tan ruín. ¿A que vén ese Pierrot aí, en branco e negro, coa rosiña branca esa e coa bagulla a caerlle dun ollo? Carafio, moita da xente que vén aquí faino por depresión. Ver o fulaniño ese así, que debe ser maricón, cando menos maricón, que non está claro, eu, cando menos eu, nunca tiveron claro se os pierrots eran homes ou mulleres, pois iso, é como para deprimirse véndoo aí chorando.

Por certo, a boca do Pierrot non vale un carallo.

E a ver a de María... Ten unha boca fermosa...

A boca de María fíxose grande. Moi grande. Eu non lla recordaba tan grande. De feito, nin lle recordaba a boca. Non me fixei especialmente nela nos tempos do instituto. Polo visto, ela moito menos en min. Abriu a boca, e deixoume ver os dentes, brancos, e grandes como a boca. Tirou a revista no chan. Sentou á miña beira. Pensei: se Maricarmen vén agora que pensará.

Xa estou outra vez. Isto non está pasando. Velaí está María, tranquila, lendo a súa revista, no outro sofá. Díxocho Maricarmen unha morea de veces, que non te fixes nas bocas das mulleres, que se o segues facendo non curarás. Se o teu problema é fantasiar coas bocas, sabes que tes prohibido fixarte nas bocas das mulleres...

Merda, levaba xa, ¿canto levaba?, levaba, si, polo menos levaba dúas semanas sen ter fantasías coas bocas. E agora, tiña que pasarme isto. En fin, non foi nada. Durou un segundo. Estiven fóra de xogo un minuto, como moito. E que, a María esta, tenche unha boca moi feitiña.

—¿Que les?

María ten a boca aberta. Sei que quere chuparme a polla.

Nótoa medrada. Penso que é inevitable, esta quere lamberme o cipote coa boca esa enorme que ten, así que sacarei fóra a polla, a ver que fai cando a mire.

María olla o meu pene e abre, tamén, os ollos. E máis a boca. Pero non a pon na pirola, como agardaba. Está bicándome. Pecho os ollos. A boca é unha fábrica deliciosa de bicos. As bocas inventáronse para bicar. E, máis concretamente, para que as mulleres nos biquen aos homes. Téñolle que contar esta reflexión a Maricarmen cando entre.

Maricarmen.

Maricarmen.

Se Maricarmen chega a saber que sego fantasiando, má-tame. Con vergonza, con tanta vergonza, meto o pene dentro. Menos mal que María segue lendo a revista. Que vergonza. ¿E terame visto co pito por fóra? Ai Deus que vergonza. Agora si que está claro que estou tolo. Menos mal que María está lendo, que se non, párteme a boca.

—Eu teño moi desenvolvido o sentido do gusto.

—Claro, coma todos.

—Coma todos non —dixo María— Eu sonche unha experta saboreando cousas.

María fárame así mentres se achega máis aínda.

—¿Non queres saber en que cousas son experta en sabores?

Eu calo, morto de medo. Pero o meu pene fala por min. Ela xa o ten na boca. Vou correrme dun intre a outro. Voulle poñer todo perdido a Maricarmen.

María segue lendo a revista. Eu súo. Estou moi mal realmente.

—A boca é o berce das palabras. Se eu digo bico, daquela o bico é máis saboroso. ¿Gústache este bico?

María bícame a punta da pirola.

—Si. Gústame ese bico. E gústame a túa boca.

—Deixa a miña boca. Deixa que a miña boca fale por min.

María deixa o pene e volve meterme a lingua na boca. Ese beixo é docísimo. Coma mel. Coma sucre do inferno. Quente para repetir ata fartar.

—Se eu digo seme, ¿ti en que pensas?

—Penso en que vai saírse todo por fóra e enlixarei este sofá de Maricarmen.

—Non penses niso. Pensa que na boca está o niño onde medran as palabras.

Se María, ou Maricarmen, chegasen a decatarse de todo o que está pasándome polos miolos desde hai un intre, pegaríanme. Maricarmen mandaríame internar, seguro. En fin, tampouco é algo que non me pasase outras veces. Quizais, agora, é moito peor porque é a primeira vez que me pasa algo así na consulta, é dicir, na sala de espera. Teño tido fantasías terribles coas bocas, todas de carácter sexual, por iso estou aquí, traballando coa sexóloga mellor da cidade, pero nunca as tivera aquí, na consulta de Maricarmen. E María, ¿terá tamén algún problema sexual? Pagaría por saber que sae da súa boca cando estea alí dentro, falándolle a Maricarmen.

—Na boca teño dentes, ¿sabes toliño? E, cos dentes, podería morderte aí ata que morreses de gusto. Teño arrincado praceres máis difíciles que os teus cos meus dentes. Todo é cuestión de saber onde trabar e con que intensidade.

María preguntoumo con claridade:

—¿Serías capaz de deixarte trabar por min?

—Sería.

E pechou os dentes.

Notei a presión enteira dos dentes. Case os rompo todos

coa presión. Estaba pensando en María, na súa boca. Ía tolerar con total seguridade. As dez e vinte. Xa non pode tardar.

—A saliva da miña boca é sempre quente. Eu sería capaz de facerlle unha cova cónica perfecta ó teu pene se ti quixeses.

—É que eu quero. Pero é que xa non entendo nada, e xa non sei nada. Non sei se isto que escoito que me dis é certo ou non o é.

—E que máis dá.

—Dá. E moito. Eu estou tolo. Ti non sei, María, pero eu non sei cando fantasío e cando pasan verdades.

—Eu dígocho en serio. Podería facerte unha piscina de saliva na miña boca.

Maricarmen saíu. Escoitei como polo corredor ía falando con alguén. Estaba despedindo á nai e á filla de once anos que, cada martes ás dez da mañá, tiña cita antes cá min.

Notei a proximidade dos pasos da psicóloga. María deixou de ler.

—Ola María.

María erguese, botando a revista riba do sofá. Déronse dous bicos.

—¿Non che dera cita para as once?

—Si. Pero adianteime un chisco.

Maricarmen sorriulle. Ollou agora para min. Por sorte, non se decatou da miña turbación.

—Pedro. Has perdoarme cinco minutos, pero teño que facer unha chamada.

—Non hai problema.

María volve sentar. Colle a revista. Eu volvo sentar. Maricarmen desaparece. Vou tolerar con seguridade.

—¿Sabes o que é a lingua?

—Non sei que contestarche, María, déixame en paz.

Non me fales máis. Eu estou tolo. Eu estou moi mal. Eu non sei se isto está pasando ou non. Maricarmen di que fantasío, e que teño que aprender a distinguir a realidade do que hai dentro do meu maxín. Déixame en paz, anda.

—¿Gustaríache ver a miña lingua?

—Gustaría, si.

María sacou unha lingua húmida, rosada. Moveuna no aire, humedecéndose a boca, que brillaba. Volveu ó meu sofá.

—Vouche meter a boca dentro.

—Non o fagas porque tolearei.

Escoitei, efectivamente, a Maricarmen falando por teléfono. E todo o pánico do mundo podía notalo tamén. Tiña unha erección de campionato. Se agora me manda erguer, morro coa vergonza. ¿Que había pensar María?

—E os beizos, ¿fixácheste na forma dos meus beizos?

—Fixei, si.

—Non só están feitos para falar. Tamén para bicar. Tamén para succionar. ¿Queres que chupe aí?

Non sei se María chegou a decatarse. Pero exaculei sen me tocar. Tiven un orgasmo que foi un estremecemento.

Cando Maricarmen me mandou pasar, non puido disimular que se decatara da enorme mancha que tiña no pantalón.

—Volveume pasar. Pasoume coa boca de María, esa paciente que está aí fóra. Maxinei que ma chupaba e... xa ves —dixen morto de vergonza— unha vez máis vivín unha realidade que non foi.

Iamos comezar unha nova sesión de terapia. Como Maricarmen dixo, era un paso atrás. Había aínda moito que traballar.

Tiñamos media hora para parolar.

María, na sala de espera, cambiou de revista. Mais primeiro abriu o bolso e sacou un pano branco co que limpou os restos de seme que lle quedaran na comisura da súa boca fantástica.

ÍNDICE

TEORÍA DO PURITANISMO

A pensión da señora Antonia	11
Andrés Couto	13
Santiago Sánchez	16
Isabel Castelo	20

FETICHISMOS SIMBÓLICOS

As palabras saben	27
Cores	30

O PRACER DE DERRUBAR ÍDOLOS

Lendo a Cioran	37
Toy Story	43

A ERÓTICA DO PODER

Viva Zapata	51
Ata a victora sempre	59

A PERVERSIÓN

Que duro é traballar	65
Bocas	76

